



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA TRES DE ABRIL DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D. Cesar Aja Mariño, (P.P.)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D^a.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

Dona Olaia Casas Chaves (BNG)

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

INTERVENTOR EN FUNCIONS

D.Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día tres de Abril de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello.



1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O SEIS DE FEBREIRO DO 2014

Pola Sra. Alcaldesa preguntálles ós Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer a acta da sesión ordinaria celebrada o día 6 de Febreiro de 2014. Tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a esta sesión, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Polo Voceiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, maniféstase que as convocatorias das Comisións Informativas de Urbanismo e Infraestructuras terán que efectuarse antes das convocatorias das sesións dos Plenos das Corporacións, e tratarse os asuntos coa debida antelación ao Pleno que se vai celebrar, e dí que así o dí a lei e que roga se teña en conta nas sucesivas convocatorias e que se cumpran os prazos establecidos.

Pola Sra. Alcaldesa, recórdaselle á funcionaria que desempeña o cargo da Secretaría accidental, que debe tomar nota para correxir este erro nas vindeiras convocatorias de sesións informativas cara ao pleno.

Polo Voceiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, maniféstase que se vota de menos nesta Acta que se está a aprobar, as preguntas e as respostas que se contestaron por escrito, e ven en interesar se poidan plasmar na Acta.

Pola Sra. Alcaldesa, índicase que non ten inconvinte en que, tanto as preguntas formuladas polo Grupo Municipal do PP como as súas respostas que foron remitidas por escrito, sexan incorporadas á presente acta, e deste xeito faino saber á funcionaria que toma nota.

Polo representante do Grupo Municipal de Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, maniféstase que na páxina número 9) da Acta que se pretende aprobar, obsérvase que o seu segundo apelido está cambiado, e ven en solicitar se corrixa, sendo correcto D. Guillermo Leal Arias, incorrecto D. Guillermo Leal Insua.

E non habendo mais observacións o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación a acta do 6 de febreiro de 2014.

2º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA

Pola Sr^a. Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervención o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3º.- ACORDO SOBRE O COMPROMISO DE ADICAR AS PARCELAS, DAS QUE SE SOLICITOU A DESAFECTACION E CESION AO CONCELLO, DOS TERREOS C-201 EN LAVANDEIRAS E LODEIRO T.M. DE VIVEIRO, A FINS DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL.

Pola Sra. Alcaldesa dase conta de escrito da Secretaría de Estado de Medio Ambiente-Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e de Mar-Servicio Provincial de Costas de Lugo, nº rexistro: 177. data rexistro entrada: 13-01-2014,S/REF. Concesión C-210.- Asunto “Posible desafectación de Terreos pertencentes á Concesión C`210 en Lavandeiras e Lodeiro, T.M. de VIVEIRO, que transcrito literalmente dí:

“De conformidade co informado pola Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, seguindo instrucións da Subdirección Xeral de Patrimonio do Estado para casos similares,solicítase deste Concello a remisión do Acordo no que se certifique o uso actual dos terreos, con especificación de si é para fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia e se compromete a Corporación a manter dito uso si se produce a desafectación e cesión gratuita dos terreos.

Ös fines de párrafo precedente se remite plano de deslinde da zona interesada, sobre o cal se reflexa ademais a poligonal da superficie susceptibel de ser desafectada.A cartografía non se encontra actualizada, por dita razón deberá procederse na seguinte forma:

1.- Actualización cartográfica da zona delimitada pola poligonal mencionada, incluíndo todas as construcións, de calquer tipo, existentes, así como as cotas, que reflexe o estado actual do terreo.

2º.-Numeración correlativa de todas as construcións, a fin de que sobre o mesmo plano poídase formalizar dilixencia na cal se certifique o uso actual de cada unha das edificacións así identificadas, especificando si é de utilidade pública ou interese social do Concello.

3º.-O Acordo do Concello o que se refiren na parte inicial neste oficio deberá facer expresa referencia ao plano adxunto.”

Por parte da Alcaldía procédese á apertura de debate, que transcorre do seguinte xeito:



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D.Cesar Aja Mariño, para dicir que é unha satisfacción que veña este tema xa que é unha demanda de varios anos que o noso Grupo ven facendo e que por fin, pase a propiedade municipal do Concello de Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG.,D.Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do iVI, D.Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo vai votar a favor, pero que sería convinte que se aclarara onde se ía establecer o edificio da Seguridade Social.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para dicir que xa fixo xestións ante organismos de Costas e da Seguridade Social interesando se aclare si van construír na parcela que se tiña establecida para o devandito edificio ou en caso contrario, volva a revertir ao Concello, remata dicindo que aínda se está a espera de resposta.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando co dictame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras e Infraestruturas e Medio Ambiente., e tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto do departamento de Obras do Concello, procédese a súa votación, acordándose por unanimidade, con dezasete votos a favor, que resultan ser de todos os membros que compoñen a Corporación do Concello de Viveiro, APROBAR a proposta formulada no antedito escrito, do seguinte xeito:

PRIMEIRO.-Acorda presentar informe ante o Servizo Provincial de Costas en relación ó documento, Planos, coa Cartografía, nos termos exactos descritos no informe do Arquitecto, que literalmente di:

“Santiago Meitín Miguez, arquitecto do departamento de Obras do Concello de Viveiro en base ós seguintes

ANTECEDENTES

Según providencia de Alcaldía de data 17 de febreiro de 2014 na que se me notifica a necesidade de efectuar un informe para dar resposta ao requerimento do Servizo Provincial de Costas co rexistro de entrada 177,, de data 13 de xaneiro de 2014, sobre a posible desafectación de terreos pertencentes á concesión C-210 en Lavandeiras e Lodeiro, T.M. de Viveiro.

INFORMO

Que na documentación adxunta se aportan:



-Planos coa cartografía actualizada da zona delimitada pola poligonal mencionada no requirimento de Costas, incluíndo todas as construcións, de calquer tipo, existentes, así como as cotas que reflexan o estado actual do terreo.

-Listaxe detallado coa numeración correlativa de todas as construcións existentes na zona delimitada, así como o seu uso e utilidade..-Viveiro, febreiro 2014.-Arquitecto.”

A CONTINUACIÓN NUMERANSE ATENDENDO AOS PLANOS ADXUNTOS REFERENCIADOS CON NÚMEROS A-1, A-2 Y A-3, CADA UNHA DAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES NA ZONA DE LAVANDEIRAS – LODEIRO COS SEUS CORRESPONDENTES USOS, ESPECIFICANDO QUE SON DE UTILIDADE PÚBLICA E INTERESE SOCIAL.

PLANO A-1

- 1- PISCINA MUNICIPAL DE VIVEIRO
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 2- TRANSFORMADOR ELÉCTRICO
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 3- PARQUE COMARCAL DE BOMBEROS
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 4- ALMACÉN MUNICIPAL (ANTIGUA ESCUELA TALLER)
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 5- LOCAL DE INSTALACIONES DEL ALMACÉN MUNICIPAL
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 6- CENTRO DE ACTIVIDADES OCUPACIONALES PARA MINUSVÁLIDOS
(Edificación de utilidade pública e interese social)

LOCAL DE INSTALACIONES DEL CENTRO DE ACTIVIDADES OCUPACIONALES PARA MINUSVÁLIDOS

- (Edificación de utilidade pública e interese social)*
- 7- PARQUE INFANTIL DE CELEIRO
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 8- PISTA DEPORTIVA
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 9- CAMPO DE FÚTBOL
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 10- CIRCUITO DEPORTIVO
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 11- EDAR (ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DE VIVEIRO)
(Edificación de utilidade pública e interese social)

PLANO A-2



12-INSTALACIÓN DE PRETRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES
(Edificación de utilidade pública e interese social)

PLANO A-3

- 13-POZO DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 14-CENTRO DE SALUD
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 15-LOCAL DE INSTALACIONES DEL CENTRO DE SALUD
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 16-CENTRO COMARCAL DA MARIÑA OCCIDENTAL
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 17-CENTRO DE ATENCIÓN A LA PRIMERA INFANCIA
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 18-PARQUE INFANTIL DE LODEIRO
(Edificación de utilidade pública e interese social)
- 19-OFICINA DE TURISMO

2º.- Que o uso actual dos terreos, da zona delimitada pola poligonal adxunta, do presente listaxe, coa numeración correlativa de todas as construcións existentes é de utilidade pública e interese social.

3º.- Que esta Corporación comprométese a manter dito uso e utilidade si se produce a desafectación e cesión gratuita dos terreos da zona delimitada.

4º.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Provincial de Costas en orde a cumprimentar o trámite para a posible desafectación dos terreos da Cesión C-210.”

**4º.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DENOMINADO “
EXPLOTACION DO BAR- CAFETERIA DO HORREO DE NASEIRO.**

Vista a proposta Da Sra. Alcadesa, Dona María Loureiro García en orde á aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a contratación da explotación do bar- cafetería do Horreo de Naseiro.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:



Intervén a Señora Alcaldesa e propón ao Pleno aprobar o expediente para a contratación denominada “Explotación do bar- cafetería do Hórreo de Naseiro”, cun prazo de duración do contrato de catro anos e cun canon anual mínimo esixible, mellorable ao alza, por un importe de tres mil euros “(3.000,00 €), IVE engadido.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación denominada “Explotación do bar- cafetería do Hórreo de Naseiro”, cun prazo de duración do contrato de catro anos e cun canon anual mínimo esixible, mellorable ao alza, por un importe de tres mil euros “(3.000,00 €), IVE engadido, desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
2.479,34	520,66€	3.000,00 €

Segundo.- Someter o expediente a información pública, por un prazo de quince días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante municipal, para que todos os interesados poidan presentar proposicións.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación municipal para continuidade do expediente ata a súa conclusión.

5º.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DENOMINADO “EXPLORACION DO BAR CAFETERIA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL”(CT2014/1)

Vista a proposta Da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García en orde á aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a contratación da explotación do café-bar do Polideportivo Municipal.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra.. Alcaldesa, para sinalar que sae a licitación cun orzamento de cincoenta (50,00€), IVE engadido., e un prazo de duración de contrato de 4 anos., con posibilidade de dúas prórrogas bianuais, contemplando a posibilidade máxima de contrato de 8 anos.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente,



procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

Primeiro.- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a contratación denominada “Explotación do bar-cafetería do Polideportivo Municipal”, cun prazo de duración de contrato de catro anos e cun canon mensual esixible mínimo, mellorable ao alza, por un importe de “Cincoenta Euros (50,00 €), IVE engadido, desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
41,32 €	8,68 €	50,00 €

Segundo.- Someter o proxecto e prego mencionados a información pública durante quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os licitadores interesados presenten proposicións.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación municipal para continuidade do expediente ata a súa conclusión .

6º.- APROBACION DO PROXECTO E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A APERTURA DA LICITACION DE CONCESION ADMINISTRATIVA DO POSTO NUM. F-1 DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS DE VIVEIRO, RESERVADO PARA A VENDA DE PRODUCTOS DE FROITERIA

Vista a proposta Da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García en orde á aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a concesión administrativa do posto con referencia F1 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra.. Alcaldesa, para sinalar que sae a licitación cun orzamento de 250 Euros mensuais e un prazo de 20 anos.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a concesión administrativa do posto con referencia F1 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería, cun canon mensual mínimo, mellorable á alza, de 250 Euros, IVE engadido, e por un prazo de concesión de 20 anos.



Segundo.- Someter o proxecto e prego mencionados a información pública durante trinta días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Outorgar un prazo de trinta días, igual ó de información pública para que calquer interesado poda presentar oferta, na forma establecida nos pregos, procedendo deste xeito á apertura do prazo para presentación de proposicións, que comezaría a contar ó día seguinte da inserción.

Cuarto.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García para levar a cabo os actos de mero trámite administrativo que deriven deste proceso de concesión administrativa, realizándose a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación e a adxudicación polo Pleno da Corporación, tal e como se recolle nos pregos.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención municipal, así como ao Servizo de Contratación para dar continuidade ao expediente ata a súa conclusión.

7º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DAS CONCESIONS ADMINISTRATIVAS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA

Pola Sra. Alcaldesa dase conta ao pleno das solicitudes de “concesión administrativa” de terreos no cemiterio municipal, para nichos ou sepulturas, cunha duración de 25 anos renovable en períodos iguais cando o solicitan por escrito os particulares, ben por falecemento do titular, ou ben por permuta entre terceiros, e neste caso previo pago das taxas establecidas e que son dos seguintes:

7º.1.-Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Dona Margarita Suarez Riestra, co DNInº 11.032.367-A, domiciliada en Rúa San Juan, nº 50-3º-D-Gijón, manifestando que o seu marido D. Eduardo Rodriguez Bello, ten unha concesión administrativa dunha sepultura sita, no Cadro 1, Fila 5, nº 10 e que por falecemento do seu marido e por residir en outra localidade cede os dereitos gratuitamente a Don Manuel Fernández Rivas, con DNInº 33.678.788, domiciliado en Grupo de Viviendas Atalaya, nº 31-Celeiro.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia do testamento onde doa todos os ben e dereitos a súa esposa, Dona Margarita Suarez Riestra.

Resultando que consta no expediente inforem e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don Manuel Fernández Rivas, con DNInº 33.678.788,



Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da seultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de D. Eduardo Rodriguez Bello: Sepultura sita no Cadro 1, Fila 5, nº 10.
A favor de D. Manuel Fernández Rivas, previo pago de taxas establecidas.**

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixenci ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.2.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Don Antonio Nuñez Mariño, co DNInº 33.759.954 w ,domiciliado en Avdª.Navia Castrillón nº 11-13, de Viveiro, manifestando que é sobriño de Dona Carmen Nuñez Rey, e que ten unha concesión administrativa no Cemiterio municipal de Altamira de Viveiro, dunha sepultura sita, no Cadro 4, Fila 2, nº 3, e que por falecemento da súa tía ven en interesar o cambio de titularidade da sepultura reseñada a nome de Don Antonio Nuñez Mariño.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia do testamento onde doa todos os ben e dereitos son para os seus sobriños.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don Antonio Núñez Mariño.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona Carmen Nuñez Rey: Sepultura sita no Cadro 4, Fila 2, nº 3.
A favor de D. Antonio Nuñez Mariños, previo pago de taxas establecidas.**

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.



Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.3.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Don Juan José Chao Fernández, co DNInº 33.993.048Z ,domiciliado en Rúa Jesús Noya nº 6-3º-A de Viveiro, manifestando que é sobriño de Dona Leonila Chao López, e que ten unha concesión administrativa no Cemiterio municipal de Altamira de Viveiro, de nichos sitios, no Grupo:A, Cadro: 2, Fila: A-7 e nº : 1-2-3-4-, e que por falecemento da súa tía ven en interesarse o cambio de titularidade da sepultura reseñada a nome do seu sobriño Don Juan José Chao Fernández.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia do testamento onde doa todos os ben e dereitos son para os seus sobriños.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don Juan José Chao Fernández.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona Leonila Chao López:

Nichos sitios no Grupo: A, Cadro: 2, Fila: A-7 e nº: 1-2-3-4

A favor de D.Juan José Chao Fernández, previo pago de taxas establecidas.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.4.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Dona María Luisa Echezarraga Diaz, co DNInº 33.677.358-E ,domiciliado en Granxas,nº 84 da Parroquia de Covas., manifestando que ten unha concesión administrativa duns nichos sitios no Cemiterio Municipal de Altamira no Grupo: San Francisco”, Cadro-, Ringleira 7, números 1-2-3-e 4- e que ven en ceder os seus dereitos gratuitamente a favor de Don Miguel Chao Martinez co DNInº 33.303.436-B e domiciliado na Rúa Canosa, nº 18 –3º- de Viveiro.



Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia do título da concesión administrativa da que figura como titular.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don Miguel Chao Martinez.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona María Luisa Echezarraga Díaz,

Nichos **sitos no Grupo: San Francisco”, Cadro-, Ringleira 7N números 1-2-3-e 4 A a favor de D. Miguel Chao Martinez, co DNI nº 33.303.436-B, previo pago de taxas establecidas.**

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.5.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Dona Rosario Rodriguez Fernández, co DNI nº 76.556.505-Q, domiciliado en Santo Alvites, nº 3-Viveiro, manifestando que seu pai Don José Antonio Rodriguez Bello, ten unha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira, sita no Cadro: 1, Fila: 6, número 10, e que o seu pai faleceu na data de 22 de xuño de 2006, e ven en solicitar se proceda o cambio de titularidade da Concesión Administrativa da sepultura reseñada anteriormente.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia do testamento e certificado de defunción.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Dona Rosario Rodriguez Fernández.



Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de seu pai Don José Antonio Rodríguez Bello, falecido, para a súa filla Dona Rosario Rodríguez Fernández, sendo a reseñada:

Sepultura sita no Grupo 1", Cadro: 1, Fila: 6, e número 10. A favor da súa filla Da. ROSARIO RODRIGUEZ FERNANDEZ, de forma gratuita.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.6.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Don José Antonio Montoya Vargas, co DNI nº 33.995. 335-R, domiciliado en Lavandeiras, 29-4º-B-Celeiro, manifestando que a súa nai Dona Ma.Angeles Vargas Jimenez, ten unha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira, sita no Grupo San Pedro, Cadro: 3, Fila: C, números, 1, 2, 3 e 4, e que o súa nai faleceu na data de 22 de febreiro de 2012, e ven en solicitar se proceda o cambio de titularidade da Concesión Administrativa dos nichos reseñados anteriormente.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia de conformidade da comunidade hereditaria.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don José Antonio Montoya Vargas

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome da súa nai Dona Ma.Angeles Vargas Jimenez:

Grupo. San Pedro, Cadro: 3, Fila: C e nº 1-2-3-4-

A favor do seu fillo Don José Antonio Montoya Vargas, de forma gratuita.



Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

7º.7.- Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, presentado por Don Carlos Mendez Fernández, co DNI nº 33.854.480K, domiciliado en Rosalía de Castro, 53 manifestando que D. Ramón Mendez Balseiro, hermanas e sobios, ten unha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira, sita no Grupo San Francisco, Cadro: o, Fila: 17, números, 1, 2, 3 e 4, e ven en solicitar se proceda o cambio de titularidade da Concesión Administrativa dos nichos reseñados anteriormente.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia de conformidade da comunidade hereditaria.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a Don Carlos Mendez Fernández

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Ramón Mendez Balseiro, hermanas e sobriños

Grupo. San Francisco, Cadro: O, Fila:17 e nº 1-2-3-4-

A favor do seu herdeiro Don Carlos Ramón Mendez Fernández, co DNInº 33.854.480K.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, non influindo, por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

8º.- ESCRITO DA ALCALDIA PRESENTE A MOCION PARA O SEU DEBATE SOBRE PROPOSICION DE LEI, POR INICIATIVA POPULAR DE MEDIDAS PARA A CREACION DE EMPREGO EN GALICIA.



Pola Sra. Alcaldesa dase conta de escrito da CIG-A Mariña que presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza.

Indica tamén que a exposición de motivos xa a teñen todos os Grupos

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle correspondente ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, apostar firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar

ACORDO

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Sometido a debate, intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se vai votar a favor para apoiar esta iniciativa xa que o que se pretende son adoptar as medidas para crear emprego en Galiza e tendo en conta que é un gran problema o desemprego que se está a vivir, e tendo en conta que o Estado recortou catro mil millóns de Euros para emprego, toda iniciativas para fomentar emprego parécenos interesante e vámolos apoiar.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal Popular, Don Antonio José Bouza Rodil, e indica que estas iniciativas populares son de persoas maiores de idade, que teñan a condición de galegos, e que se atopen no padrón de habitantes. E dí que non son os plenos e esta iniciativa tense que sustanciar no parlamento de Galicia onde se debatirán e se decidirán pero non nos plenos e o noso Grupo non vai apoiar estas iniciativas que son competencia do Estado e ou ben, ou vulneran as normas básicas; ou ben, xa se están adoptando programas e xa se están fomentando pola Xunta medidas de emprego no sector gandeiro, extensión agraria, aforro enerxético, incremento de prazas no sector público, programas de axuda a dependencia, e por outra banda, moitas das propostas da CIG-A van na liña contraria de incremento de emprego, polo que o noso partido non vai apoiar esta proposta.

BNG..-Estamos de acordo con esta proposta que para fomento de emprego pide derogar a reforma laboral e, tendo en conta, que os datos desta semana dí que baixou o paro e

os xovenes galegos teñen que emigrar a outros países para encontrar traballo, se esa é a solución que le pón por parte do Partido Popular...Nos, queremos vivir no



noso Pais, pero si isto vai ao Parlamento de Galicia a apisonadora do PP vaina botar abaixo como é de costume.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do IVI e dí que na exposición de motivos non é moi axeitada pero todo o que sexa poder crear postos de traballo ou intentalo o noso Grupo vai apoiar e vamos votar a favor.

Alcaldesa, nos non vamos aprobar nada, vamos apoiar a moción.

Intervén novamente o representante do Grupo Municipal do P.P., Don Antonio José Bouza Rodil, e dí que a Xunta de Galicia xa ten aprobado un Plan de Emprego Xuvenil- 2014-2015 e subvencións para fomentar a incorporación dos xóvenes á vida laboral de máis de 100 millóns de euros.

Intevén o representante do Grupo Municipal do IVI, Don Guillermo Leal Arias, e dí que o plan de promoción do emprego da Xunta de Galicia é nefasto, e si se ve como se analizan os expedientes é de traca, e xa digo, non se pagaron as subvencións do ano anterior e algunhas que foron aprobadas dixeron que non había consignación presupuestaria.

Non existindo mais debate, sométese a votación o Acordo, dando o seguinte resultado:

Votos a favor da proposta de apoio: Once (11) que resultan ser: PSdG-PSOE (6); BNG (3); IVI (2).

Votos en contra: seis (6) que resultan ser do Grupo do P.P.

Quedando aprobado o ACORDO:

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular

9º.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE CESION A COSTAS DA PARCELA ALEDAÑA AO PASEO DO LANDRO NA ZONA DE CASTELO-MAGAZOS PARA CONSTRUCCION DUNHA INSTALACION PARA GARDA DE MATERIAL NAUTICO-DEPORTIVO

Polo Voceiro do Grupo Municipal Popular, D. Antonio José Bouza Rodil, presenta unha moción al Pleno para o seu debate que di:

Exposición de Motivos

En diversas ocasións e non só o seu grupo, senon a maioría da Corporación, manifestouse por parte do colectivo de piragüistas a necesidade da construción dunha Instalación Náutico-Deportiva na zona de Vastelo-Magazos, que axudaría os



compoñentes do Club a ter un mellor acceso para a práctica de este deporte, pero especialmente os deportistas que por distintas causas padecen algún tipo de minusvalía e non poden transportar as piraguas se non é con axuda.

Mentras que se contaran con esta infraestrutura facilitaríase esta tarefa e contribuiríase a eliminar un gran impedimento para a práctica de este deporte.

O Concello de Viveiro posee unha parcela aledaña ao paseo do Landro, con identificación catastral 2535835PJ1323N0001GO, onde parte uns dos pantaláns, parcela que no suposto da cesión a Costas, este organismo procedería á construción da mencionada instalación para poder albergar os distintos utensilios do colectivo de piragüistas.

Por este motivo propoñemos ao Pleno a aprobación dos seguintes puntos:

1.- Que o Concello de Viveiro en Pleno, aprrobe a cesión da mencionada parcela á Dirección Xeral de Costas, para a construción dunha instalación destiñada a usos marítimos.

2.- Facultar á Sra. Alcaldesa para que realice todos os trámites pertinentes para a mencionada cesión.

3.- Solicitar da Xefatura de Costas de Lugo, a construción dunha instalación de usos náuticos ou marinos na parcela cedida.

Aberta a quenda de intervencións

Pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, cédese a palabra ao Tenente de Alcalde e voceiro do PsdG-PSOE, Don Jesús Fernández Cal, quen dí que o Grupo do PsdG-PSOE, sempre vai estar a favor de todo o que sirva para mellorar a vida dos cidadán de Viveiro e, especialmente, para os veciños que teñan problemas de mobilidade. En consecuencia vai votar a favor coa salvedade de que non haxa ningún tipo de impedimento político.

Intervén o representante do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que xa esta noticia non é nova, neste caso, aproveito a situación de ser responsable do Clube de remo de Celeiro e fíxose a solicitude por parte dese Clube e xa se falou con Costas e era para o Club de remo de Celeiro, a parcela está identificada, e nós vamos votar a favor, pero Costas e os Técnicos do Concello tiñan coñecemento e estaba en trámite. É unha necesidade, neste caso, para o caso de piragüismo e xa que hai persoas con discapacidade e dificultade para acceder ao mar se agradece que se aprrobe no pleno pero xa estaba solicitada na época do anterior Alcalde e pendente da contestación de Costas.

Intervén o representante do Grupo Municipal do iVi, D. Jesús Fernández Fernández, e di que lle parece ben, que se ratifica no que dí o concelleiro e que esta de acordo co que dí o concelleiro do BNG e que este asunto xa estaba tratado e solicitado por parte do Concello, aínda que non hai resposta por parte do departamento de Costas como ven sendo de costume, polo que si se fixo a solicitude e tería que estar contestada, e dí que agora pido que se axilice para que se faiga o antes posible xa,



que é un tema que ven da tempada pasada e vainos coller este ano de bó tempo sen resposta.

Pola Sra. Alcaldesa, cédesse novamente a palabra ao Concelleiro-responsable de Area- do PSDG-PSOE, Don Jesús Fernández Cal , que dí que non sabía que xa fora solicitada a instalación por parte dalgunha Asociación deportiva, e que se puxo en contacto coa Xefatura de Costas e díxose que houbo conversacións por parte do Concello e que estaba disposto a facelo, pero tamén apunta, que hai unha especie de telepatía, referíndose ao que o Grupo de Goberno ven facendo e cando se leva algún tema encauzado, aparece na prensa por parte de representantes do PP a insistencia dos mesmos asuntos xa abordados.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese a súa votación, acordándose, por unanimidade, con dezasete votos a favor de todos os membros da Corporación, aprobar a proposta da moción que presenta o Grupo Municipal do Partido Popular.

10º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE REQUIRIMENTO AOS PRESIDENTS DAS COMISION DE FESTAS DE NASEIRO ENTRE OS ANOS 2006 E 2013, A PRESENTACION NOS SERVIZOS DE INTERVENCION DAS CONTAS DOS CITADOS EVENTOS, NO PRAZO MÁXIMO DUN MES.

D.Cesar Aja Mariño, en representación do Grupo Municipal do P.P. no seu nome, e ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e, no seu caso aprobación n Pleno a seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O pasado 14 de marzo , no transcurso do pleno municipal púxose de manifesto que por parte dos Presidentes ou dos demási membros das distintas agrupacións que organizaron as Festas de Naseiro entre os anos 2006 e 2013, non se presentaron ningún tipo de contas, cando é un requisito previo e preceptivo tanto pola contribución dineraria e de servizos prestada polo Concello, como por ser o propio Concello quén asume a realización de este evento, como polo nomeamento que realiza o propio alcalde na persoa dun concelleiro do seu equipo de goberno. Tal como se reflexan nas distintas actas das Xuntas de Goberno Local.

Ante esta situación, da que o noso grupo non quere nin vai a ser participe, nin por acción nin por omisión, propoñemos ao resto dos grupos da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que por parte dos responsables das Festas de Naseiro no período 2006-2013, procédase á xustificación de ingresos e gastos de estes eventos ante a intervención municipal facilitando copia a todos os Grupos.

Aberta a quenda de intervencións



Prodúcese a da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, para dicir que despois de facer un pleno extraordinario con este punto só na Orde do Día, despois de paralizar as oficinas municipais para facilitar fotocopias e relacións de ingresos e gastos das contas, pensamos que quedara claro, pero non é así, polo que veño a dicir que o Concello colabora coas Festas de Naseiro como colabora con outras Comisións do termo municipal como Covas, Celeiro e pide contas das subvencións que o Concello otorga, nada máis. No ano 2006 non había Comisión de Festas e para non deixar de facer a Festa de Naseiro, pois convocouse unha Comisión de Festas da que era presidente da mesma un membro do Concello, un Concelleiro. Esta Comisión estaba formada por Concelleiros e por persoas que non eran concelleiros. Por outra banda o Concello non lle pide as contas a ningunha Comisión de Festas, antes non sabemos si se pedían as contas as Comisións de Festas pero quí no Concello non consta absolutamente nada de nada, e todas as contas que temos son as que presentamos no Pleno. Apunta que si se quer, a partir de agora, podemos solicitar e presentar todas as contas ás Comisións de Festas, pero o Concello non organiza as Festas, e a deste verán foi a Comisión “Asociación Río Landro”, composta por Concelleiros e persoas que non son concelleiros. Remata dicindo que o seu grupo vai votar en contra.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que según dice o Sr. Cesar Aja, nós estamos de acordo en que se presenten as contas, pero o outro día viñeron ao Pleno todas as facturas e dícese o que lle costou ao Concello e dícese que nos anos 2006 e seguinte foi asumida polo Concello, sí podería presentar as contas, pero o resto dos anos non dí nada, pero si houbo unha asociación non ten sentido que veñan a dar as contas. Nos non temos problema que se presenten, vamonos abster porque non ten moito sentido que veñan unha Comisión a presentar ao Concello as contas.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias, para dicir que xa se sabía que o anterior pleno non valía paa nada e confirmase. Si é certo que en anos anteriores outras Comisións daban as contas ao Concello e unha vontade das Comisións e si o que se fai por parte de Intervención e fiscalizar con facturas as cantidades que se lles pagan as Festas, e isto está contabilizado e iso temolo nas contas de todos os anos. As comisións non están obrigados a facelo e por este motivo, o noso Grupo vaise abster e, apunta que, desposi dos anos que van xa estará prescrito.

Intervén Don Cesar Aja Mariño e ven en dicir que, discrepa da natureza destas festas con respecto a outras, porque no caso de Naseiro a aprobación da Acta dí, anos 2006 e seguintes..., e hai una serie de gastos que para outras comisións non se realizan como son: pago de luz do Horreo, pago de luz do campo de Naseiro, Pago de orquestras, hai pagos que non son os normais nin as aportacións que se fan a outrs Comisións de outras Parroquias. Aquí sí o Concello se implicou, por eso hai este acordo, e dí que o Concello é o que fai a festa, e iso o dí a Acta. E non sei que problema hai en que se presenten as contas de Naseiro e Patronais. E si é certo, que aparecen os gastos que fixo o Concello pero non aparecen os ingresos. Si se fixeron as festas avaladas polo Concello., é certo, que o Concello



ten que saber en que se gastou e o que se recaudou porque son Fondos publicos. Agora si Vostedes o queren ver así pois o ven.

Apunta tamén que, con respecto as festas Patronais, si valiu para algo, despois de solicitar en varias ocasións os datos, agora témolos e mostraremos en outras ocasións, no seu momento as diferencias que poida haber.

Vamos apoiar esta moción, e remato para dicir que non tería que haber ocultismo nin parecer raro que se pidan as contas dunhas festas e que se presenten á Intervención Municipal onde o Concello estivo implicado e tomou parte.

Intervén a Sra.Alcaldesa, para dicir que non hai ocultismo e que o Concello colabora coas Festas de Naseiro como colabora con outras Festas que organizan as Comisións.

Intervén o Voceiro do BNG, D.Bernardo José Fraga Galdo, e dí que o seu grupo segue manténdose na mesma postura, e que xa se presentaron os gastos e realizarán pagos as comisións que sexan e quedarán a pre, e eso saberaio a Asociación ou a Comisión. Ademais apunta que o Concello fixo tamén un ano a Festa de Covas, que non había Comisión e que ese ano pagou todo e pagaróñse as orquestras e os gastos e me imaxino que habería algún ano que tamén se pagarían as festas de Naseiro.

Intervén o Concelleiro do IVI, D. Guillermo Leal Arias, e dí que se está deixando caer que aquí se están a facer uns lucros por parte de alguén.., e por iso, vexo tanto interese, e xa temos que deixar de sospeitar, xa que estamos neste pais nun estado de corrupción que é mellor deixar o tema.. e xa dixen que como Concelleiro non estaría nunha Comisión de Festas, pero dí que tamén considero que, si hai algo que se diga, e se non, deixar o tema ou denunciado, pero senon, rematar co asunto.

Non existindo máis intervención, sométese a proposta da moción a votación, acordándose con sete (7), votos en contra, que resultan ser (6) dos membros do P.S.O.E. e un Voto de calidade da Sra.Alcaldesa .; 5 abstencións, que resultan ser: (3) do BNG e (2) do IVI; e 6 votos a favor, dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular, ACORDASE: rexeitar a proposta formulada na moción presentada por parte do Grupo do Partido Popular.

11º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE PROCEDER Á ESCRITURA DO TERREO PROCEDENTE DO CONVENIO URBANISTICO REALIZADO NO PEDREGAL EN COVAS

Pola Sra.Alcaldesa cédese a palabra ao Concelleiro que presenta a moción e seguidamente intervén D. Cesar Aja Mariño, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,formula,para a súa discusión e no seu caso aprobación da seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS



No Concello de Viveiro realizáronse catro convenios urbanísticos de certa consideración, todos eles na etapa do goberno popular.

Dous en Cantarrana un coa familia Canosa que permitiu a cesión gratuita da parcela detrás de Parquemar, outro coa familia Calvo-Sotelo, pendiente de concretar no momento que sexa outorgada licencia municipal e outros dous, un coa familia Pérez-Abadín, que permitiu a liberación do ábside de San Francisco das construcións existentes, ademais de proporcionar un amplo espacio para uso e disfrute dos cidadáns, e unha comunicación entre a rúa Rego das Frores e Benito Galcerán, paralela a Cervantes. Por último, que é realmente o obxecto de esta moción o convenio coa familia herdeiros de Rebellón, no Pedregal en Covas, no que se acorda ceder gratuitamente unha parcela al Concello, parcela que nosoutros creemos que a día de hoxe, non está escriturada a nome de esta institución, razón pola cal propoñemos al pleno da Excmá. Corporación a aprobación da seguinte Moción:

1º.-Instar ao Goberno Local e á propiedade da parcela a proceder á escritura do terreo procedente do convenio urbanístico realizado no Pedregal en Covas.

2º.-Facultar á Sra. Alcaldesa a realizar todos os trámites necesarios acordados nos distintos acordos plenarios, en aras a incorporar dita parcela ao patrimonio municipal.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, quen cédese a palabra ó primer Teniente de Alcalde e Voceiro do PSdG-PSOE, Don Jesús Antonio Fernández Cal, quen indica que este tema que se está a falar é un dos asuntos ós que aludía ao falar de que temos “telepatía” co Grupo do P.P. xa que levamos un ano intentando arranxar o tinglao xurídico e tivemos varias reunións para buscar unha solución...

Dito isto, quero comentar que na moción do Grupo do Partido Popular se citan catro convenios de certa consideración, e o convenio que nos atañe agora coa familia Rebellón, mediante o cal se cede ao Concello unha parcela,.. é unha auténtica farsa....Continúa dicindo, que este convenio non beneficia en nada ao Concello de Viveiro, só beneficia a uns particulares. Dí, que os representante do Partido Popular quenes asinaron os convenios saberán .. Indica que neste Convenio que estaba afectado polo PERI de Covas, nese intre, non estaba aprobado definitivamente, fala do convenio e dí: “1).-o propietario fai donación ao Concello para o trazado das ruas, e dotacións urbanísticas. 2).- o propietario tamén renuncia ós dereitos que lle confire a Lei do Solo que estaba en vigor, e dí tamén, vou a permitirme a ler a Lei do Suelo....”dice: os propietarios de “suelo urbano” deberán ceder gratuitamente a los Ayuntamientos los terrenos destinados a parques, jardines, Colegios,viales,etc.,,2º) costear la urbanización.... En el punto 4) el reparto equitativo de las cargas que se deriven de la repartición se efectuarán a través de las reparcelaciones que procedan (renuncian al reparto de cargas). Tamén dí: “En la Memoria del PERI, entre outros, di que:El Ayuntamiento en compesación a lo que recibe..exime al propietario asinante del convenio de las contribuciones especiales que pudieran corresponderles por las dotaciones urbanísticas. Polo que se deduce a familia citada, non ceden nada ao Concello y nosotros les damos las contribuciones. Termina a súa intervención dicindo que, neste Convenio que se



está a falar descoñece a súa valía xurídica, pero vese que conviértese unha gran leira en solo “urban” e refletíndose á moción presentada, pregúntase se ó Concello lle interesa facerse cargo dunha parcela, unha zoa dotacional” sen urbanizar e sen executar os viales e o Grupo popular e consciente de que asuma o Concello estas cargas que correspondería ao promotor. E digo máis, como exemplo temos, que cando se tapou o río de Cantarrana para urbanizar parcelas, estes gastos, foron sufragados polos veciños e a zona dotacional de parquemar da mesma maneira, e o noso Grupo do PSOE, non está pola laboura de asumir custes que correspondan a outros.

Intervén seguidamente o voceiro do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo e dí que se lembra polo que se dí na moción, da construción o carón dun edificio protexido por Patrimonio que é a Igrexa de San Francisco para a Liberación do abside., e dende o punto de vista do BNG é o maior atentado que se fixo en Viveiro a carón dun edificio histórico protexido. Dí que vai sendo hora de pasar páxina, e neste convenio, que non é familia de traballadores, precisamente a quen nos estamos referindo, sempre se beneficia ós particulares, vese que houbo moitos intereses e o noso grupo vaise abster, no caso de que siga en vigor o convenio e si a parcela haina que recepcionar cas cargas. No caso de que sea patrimonio para o Concello, e a reciba gratuita, o noso Grupo votará a favor da recepción da devandita parcela.

Intervén seguidamente o voceiro do Grupo Municipal iVi, Don Guillermo Leal Arias, e ven en dicir que este convenio urbanístico, que o asinan toda-las partes, vai ter que asumirse, e referente á parcela, asunto neste intre, penso que por parte de ninguén que vaia ser titular, non se vai asinar nada, ata que non haxa solucións ao conflito xurídico e sexa o momento oportuno, polo que si hai a seguridade de que ao Concello non lle vai costar ningún carto recepciona-la finca, e ao concello non lle acarre a urbanización, entón penso que se pode facultar a Sra.Alcaldesa para os trámites administrativos necesarios.

Seguidamente, en un segundo turno de réplica, intervén o concelleiro do P.P., Don Cesar Aja Mariño, quen indica que ignora que haxa conflito xudicial entre os titulares, pero ese convenio tiña todos os avais, e está garantizado que se tiñan todos os avais dos servizos xurídicos. Digo tamén ao concelleiro do BNG que os convenios se fan cos particulares que teñen as propiedades, tanto sexan traballadores ou non, pero é cos que se tén que negociar cando se quer facer algo e cando se está gobernando. Indica que se fixo para ter unha zoa dotacional e está axustado ós informes de aquela época, e dí tamén que o “propietario queda excluído dos gastos., pero non dí nada do promotor. El se salvagarda e non vai aplicar pagar o do promotor. E finalmente dí que a Moción non ten por finalidade nada que non sexa que o Noso Grupo está interesado en que sexa para o Concello, que a parcela sexa patrimonio do Concello, polo tanto dí, non busquemos finalidades que non son, si se quer aceptar que se acepte e punto.

Intervén seguidamente o Teniente de Alcalde do PSdG-PSOE, Don Jesús A.Fernández Cal, e dí que leva ano e medio buscando información deste entorto, xa



que hai problemas en casos de pedir enganches de auga e outros, e que cando se intenta informar encóntrase cunha historia e cunha situación de alucine..., e dí que aínda que sexa un cambio dunha parcela dotacional, vese que unha gran extensión de terreo, grandes leiras, que se convirten en Solo urbán e que o Concello acepta a cesión, que de cesión nada, e comprométese a executar os acordos que sexan precisos para o outorgamento de licenzas, e vese que dunha leira que se converte en urbán “o pelotazo” é asombrante. Aquí non se xustifica nin os medios nin o fin. E digo, para rematar, que vendo esto, para mín, ou para alguén que sabe leer, é un escándalo e moitos tiveron a sorte porque, neses tempos, todo o mundo asinaba todo de todo.

Respóstalle o concelleiro do P.P., Don Cesar Aja Mariño ao representante do PSdG-PSOE, Sr. Fernández Cal, para dicirlle que, “ roga se midan as palabras”.. e continúa dicindo, non asumo, millor non permito, baixo ningún concepto o de “pelotazo” ,e dí tamén, porque si falamos de honradez..., somos todos honrados ata que se demostre o contrario.....e dí, isto era solo urbán e podíase edificar. E dí tamén que a maioría das licenzas outorgadas ahí nesas parcelas, déronas vostedes e o seu equipo de goberno, polo que si hai pelotazo, daríano vostedes nese caso, ou noutros caso que, o millor, pode estar en “primeira calidade”....

Intervén, por alusións o Teniente de alcalde, D. Jesús Fernández Cal, e dí que quer matizar, e dí que cando dice “pelotazo”, en ningún momento quixo aludir a ningún, simplemente quixo dicir que si ten unha leira que custa 1.000 €urs, e que de repentin se converte en un valor de máis de 10.000 de €uros, pois, si é miña, haberá que irse ao Caribe.

Intervén seguidamente o Voceiro do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que as licenzas que se dan, danse en relación cunha normativa urbanística, e non vou defender aquí o que se fixo no goberno Bipartito, pero si se acepta a enmenda que apunta o concelleiro do Grupo Municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias, o noso grupo vai votar a favor da recepción da parcela de referencia.

Intervén seguidamente o Voceiro do iVi, D. Guillermo Leal Arias, e dí que o seu Grupo de Independentes de Viveiro votará a favor da moción, se se faculta á Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, para que se poidan facer os trámites necesarios e recepcionar a parcela de referencia, sempre e cando non acarre gastos de urbanización ou outros.

Seguidamente, intervén a Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, para dicir que o seu Grupo de Goberno acepta a enmenda apuntada polo Concelleiro do iVi, Sr. Leal Arias e que se votará a favor de face-los trámites precisos para recepciona-la parcela de referencia como patrimonio para o Concello de Viveiro e motivo da Moción presentada polo Grupo Municipal do P.P. sempre que non resulte custoso para o Concello.

Non se producen outras intervención e o Pleno da Corporación, por unanimidade de todos os membros presentes (dezasete), acorda:



Prestar aprobación á proposta da Moción presentada polo Grupo Municipal do P.P coa enmenda que apunta o representante do IVI, de facultar a Sra. Alcaldesa para levar a cabo os actos de mero trámite administrativo que deriven deste proceso e poder incorporar a parcela ó patrimonio do Concello ,sempre e cando, non acarree gasto da urbanización algún.

12º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PATIDO POPULAR SOBRE SOLICITAR A SEÑALIZACION DE VIVEIRO NOS ENLACES DAS A-8 COA ACCESOS AO MUNICIPIO DE VIVEIRO

Pola Sra.Alcaldesa, dáselle a palabra ao Concelleiro D. Antonio José Bouza Rodil, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, que presenta para a súa aprobación a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Moitos viaxeiros que circulan pola A-8 e que pretenden acceder ó noso Municipio teñen serias dificultades por falta de sinalización que indique a vía que accede a Viveiro, aínda sendo este o municipio máis poblado da Costa de Lugo e o que recibe maior número de turistas.

Esta reivindicación vense poñendo de manifeso por comerciantes, hosteleiros e empresarios en xeral, polo que representa e significa que se teña unha boa información para os seus intereses económicos e consecuentemente para todo o municipio.

Incluso tamén realizáronse reivindicacións por parte de representantes do Parlamento Galego e do Congreso de Deputados ante os responsables de Fomento, sen que ata o momento se haxa obtido o resultaod esperado.

Motivo polo que presentamos esta moción para a súa consideración e aprobación, e pidimos:

1º.-Solicitar a sinalización de Viveiro nos enlaces da A-8 cos accesos al municipio de Viveiro nos puntos de conexión da A-8 coa AG-64 á altura de Vilalba e da A-8 coa N-634 á altura de Barreiros.

2º.-Trasladar este acordo á Ministra de Fomento e o Director Xeral de Estradas do Estado, do Ministerio de Fomento.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

Intervén a Sra.Alcaldesa e dí que o seu Grupo vai votar a favor.

Intervén o Concelleiro do IVI, Don Guillermo Leal Arias, para facer fincapé que xa houbo un membro de vostedes, do Grupo Municipal do P.P.,quén xa en varias



ocasións, demandou a necesidade da sinalización e non fixeron nin caso nos tempo que leva este Goberno e tampouco o outro.

Non existindo máis debate sobre o asunto, sométese a votación, quedando aprobada por unanimidade, con dezasete votos a favor, a proposta que presenta a Moción do Grupo do Partido Popular sobre solicitar a sinalización de "Viveiro" nos enlaces da A-8 cos accesos ó Municipio de Viveiro

13º.- DACION DE CONTA DA REMISION DO PRESUPOSTO DE 2013 VIXENTE A DATA DE HOXE, Á SECRETARIA XERAL DE COORDINACION AUTONOMICA E LOCAL DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACION PUBLICA

Pola Sra.Alcaldesa dase conta ao Pleno do informe de Intervención Accidental do Concello de Viveiro en base á comunicaci3n á Secretaría Xeral de Coordinaci3n Auton3mica e Local do Ministerio de Facenda e Administraci3ns P3blicas ,e que coa data 20 do presente mes ,cumpleuse en prazo, a obriga de remisi3n da informaci3n refletida tanto do sector Administraci3ns P3blicas (Ayuntamiento de Viveiro) como das entidades dependentes de mercado (Aparcamientos A Mariña,S.L., Turviveiro,S.L. e Eogal, SL).de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira (LOEPSF)

Que a comunicaci3n de datos do Presupuesto prorrogado de 2013 e vixente a data de hoxe do Concello de Viveiro, cumpre os obxectivos de estabilidade presupuestaria e regra de gasto, si ben, na liquidaci3n do presupuesto de 2012 p3xose de manifesto o incumprimento do obxectivo de estabilidade e por tanto a obriga de elaborar un Plan Economico Financieiro coa finalidade de recuperar dita estabilidade, En canto ao nivel de endebedamento previsto a 31 de decembro de 2014 ser3 de 12.845.90,05 Euros).

Que na referencia das entidades dependentes de mercado totalmente paticipadas (Aparcameintos a Mariña e Turviveiro) mostran desequilibrio financeiro por incurrir en p3rdidas en dos exercizos consecutivos (2012 e 2013) e ter previsto a mesma situaci3n no ano 2014 e d3bese realizar un plan de correcci3n de dito desequilibrio, ou ben a disoluci3n das sociedades.

E na mesma situaci3n que as empresas anteriores enc3ntrase Eogal,S.L. (participada en un 51%) pero con un desequilibrio financeiro muy leve.A efectos legais hai que actual da mesmo xeito.

O Pleno da Corporaci3n, por unanimidade, acorda darse por enterada.

14º.-ROGOS E PREGUNTAS

1º.- Polo concelleiro D.Jaime de Olano Vela, Viceportavoz do Grupo Municipal do Partido Popular,formula as seguintes preguntas:

.Celebrouse algunha reuni3n da Xunta de Goberno dende o 4 de decembro de 2013?.



**.De non haberse celebrado ningunha reunión, ¿Podería explicarnos cal é o motivo?
.En caso afirmativo, ¿Cal é a causa pola que non se dá traslado ao resto dos grupos municipais das actas correspondentes?.**

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que, xa dende o ano 2003 en que foi nomeado Alcalde D.Melchor Roel Rivas, se veñen facendo máis Plenos que os que corresponde a este Concello por Lei. Pero aparte diso, esta semana pasada saliu na prensa que por parte do Equipo de Goberno, había bloque informativo e quero dicir que, o Grupo Municipal do Partido Popular presentou cincuenta e unha (51) solicitudes e que cada unha ten dez preguntas, e quero dicir tamén que se está, por parte dos traballadores e empregados públicos, deixando o traballo diario para atender as peticións dos membros do P.P. quero dicir que unha vez ao mes se está paralizando o rexistro municipal na hora pactada, e que se está vindo ao Concello a examinar documentación por parte dos membros do Partido Popular polo que a documentación nunca se denegou. Por outra banda a Xunta de Goberno celébrase todas as semanas e aí están as actas e o Pleno celébrase ordinario unha vez ao mes e extraordinarios xa perdín a conta pero máis do que corresponde por lei.

2º.-Por D. Antonio José Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas:

A mediados do mes de febreiro do presente ano, a Sra. Alcaldesa manifestaba en diverso medios de comunicación, que se estaban estudiando propostas para a elaboración dun Plan asistencial municipal para a recollida e atención de animais perdidos ou abandonados, así como a búsqueda dun sitio para acoller estes animais.

1.-En qué punto se encontra a elaboración deste Plan asistencial municipal para a recollida e atención de animais perdidos ou abandonados?.

2.-Atópase xa un sitio para ubicar ese lugar de recollida dos animais?

3.-En caso afirmativo, cal é o lugar escollido?.

4.-Cal é o custe de dita instalación?.

5-Con cargo a que partida se financia dita instalación?.

6-Cando está prevista a súa entrada en funcionamento?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que existía un convenio con unha Asociación Protectora de Animais e que se tiñan gastos desorbitados e polos membros de protección civil tamén colaboraban, agora estamos coa idea de facer, e se está a facer unha caseta nas inmediacións de San Roque para guarecer estes animais e resulta un custo para o concello de 2.000 €uros. Mentres hai refuxio na antiga feira de Galdo

3º.- Polo concelleiro D.Jaime de Olano Vela, Viceportavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, formula as seguintes preguntas:

O pasado 27 de marzo celebrouse un Pleno Extraordinario con un único punto na Orde do Día: “Aclaración da situación na que se encontran os traballadores da empresa Aparcamientos A Mariña e buscar posibles solucións”.



No desenrolo do citado Pleno, o portavoz do BNG fixo mención ao feito de que “membros da Administración aparcen gratuitamente” no parking subterráneo.

O feito denunciado non foi desmentido por nadie do equipo de goberno municipal nin pola presidenta do consello de Administración da citada sociedade, ademais de que según varios medios de comunicación, os empregados confirmaron este extremo.

. .Que información ten a Sra.Alcaldesa e a Sra. Viamonte de este feito?.

. .Pidiu a Sra,Alcaldesa algunha explicación /ou información ao respecto á súa compañeira Sra.Viamonte, presidenta da sociedade Aparcamientos A Mariña?.
¿Abriron un expediente informativo ao respecto?.

¿Desde cando se ven producindo estes feitos?.

¿Quén decide, e con qué criterio, qué persoas-físicas ou xurídicas- ou entidades públicas pagan ou cales non no parking?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que nunca tivo dúbidas das xestións da Presidenta de Aparcamientos a Mariña ni ningún membro do Equipo Municipal deu algunha orden nin aparca gratuitamente no parking, e que sí ten toda a información precisa e sí que tivo unha reunión cos traballadores de “Aparcamientos a Mariña” para aclarar esta situación e sí me comentaron que xa fai máis de quince anos víñase facendo e eximían a Corpos da Policía, Corpo da Garda Civil, persoal dos Xulgados, e xubilados da Seguridade do Estado e algúns traballadores empregados públicos.Dimos a Orde que non eximiran a nadie que non sexa Corpos da Seguridade do Estado ou membros de servizos públicos que van ao Xulgado.

4º.- Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Cesar Aja Mariño, realízase as seguintes preguntas:

En vías de sobrepasar o primer trimestre do ano 2014, seguimos sin contar co correspondente presuposto a pesar das importantes diferencias existentes entre os exercizos 2013 e 2014.

Este ano 2014 terase que empezar a amortizar os créditos do Plan de pago a Proveedores, increméntase o canon de Sogama, as sentencias xudiciais multiplícanse e cada vez hai que pagar máis indemnizacións, amén de condenas en costas e intereses; as solicitudes de devolucións de licencias de obras non executadas, son cada vez máis numerosas, as reclamacións a provedores aparecen un día sí e outro tamén, tal como se reflexa no rexistro municipal., polo que se realizan as seguintes preguntas:

1º.- ¿Ten previsto o Grupo de Goberno traer a este pleno para o seu debate a aprobación dos presupostos de 2014?.

2º.- Si é así ¿Para cando está previsto o seu envío á Comisión e posteriormente ao Pleno?.



3º.- ¿Non considera a Sra. Alcaldesa que é unha teremidade afrontar un exercizo presupuestario do 2014, con unhas consignacións presupuestarias completamente distintas ás reais?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que no Concello de Viveiro non se esta sin presuposto están prorrogados e houbo un Concurso de Corpos Nacionais de Secretarios-Interventores, Viveiro volveu a quedar desierto e non se cubriu a praza de Interventor pero fixemos as xestións para que veña unha Interventor/a para a praza por acumulación e que sexa experta para poñer ao día os orzamentos e co Técnico Económico vai a estar a Intervención mais que completa.

Os Presupostos son prorrogados e están contemplados por Lei e mantemos os servizos do Concello que ¡oxala, outras administracións seguiran mantendo os servizos como o Concello.

Polo Concelleiro D. Celestino García Paz, en repreentación do Grupo Municipal Popular de Viveiro,

ROGO

1º) a Petición de varios veciños da Rúa Emilio Bouza Basanta da parroquia de Covas, o grupo municipal do PP, ROGALLE Á SRA. Alcaldesa que requira unha vez máis ó constructor e dono da finca, da obra paralizada fai meses ó carón das vivendas de O Pedregal, para que a maior brevidade posible, adecente , limpe, e elimine do oco da obra, as augas estancadas, que producen un cheiro naseabundo, así como plagas de mosquitos, oque provoca malestar e molestias ente os veciños do citado barrio, así como dá unha imaxe lamentable que en nada contribue a mellorar a nosa calidade medio ambiental.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que existe un problema xurídico que non se sabe moi ben a quén se vai acudir, xa que hai varios promotores e unha empresa está en concurso de acreedores o equipo de Goberno leva máis dun ano con este tema e estamos dende o Concello buscando solucións.

2º) Na parroquia de Magazos, entre as entradas LU-P-6611 e a LU-P6604 Km O, ambas competencia da Deputación Provincial, hai un lavadoiro público en donde na primeira está protexido por un quitamedos, namentres que pola segunda non hai quitamedos co conseguinte perigo tanto para os veciños que usan dito lavadoiro, como para os automobilistas, motivo plo que ROGAMOS A Sra. Alcaldesa que realice as xestións oportunas para a colocación dun quitamedos na estrada LU-P-6604, así como a reposición dun espello de seguridade vial no memso lugar, o que sin lugar a dúbida mellorará a seguridade dos veciños e dos automobilistas.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que cando se estrenou o lavadero na Parroquia de Magazos púxose tamén un quitamedos que existe na actualidade.

3º) No Barrio de Verxeles, varios veciños na maioría personas de idade, manifestáronnos a necesidade de que se poñan máis bancos de madeira, dando



que os dous existentes son insuficientes; por este motivo ROGAMOSLLE a Sra. Alcaldesa a colocación de máis bancos para satisfacer esta demanda dos veciños de Verxeles.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que estivo encargado o Técnico de Excelencia Turística e se está a buscar presupostos co obxecto de colocar máis bancos.

º.- Polo Concelleiro D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro,

1º) No pleno do día 20 de xuño de 2013, este grupo municipal fixo un ROGO dirixido ó Alcalde para que realizase as xestións necesarias coa empresa que se encarga da colocación da depósitos e recollida de aceites usados, como unha medida para contribuir á mellora donoso meido ambiente, tal e como xa fan noutros Concellos da Mariña, sendo a súa resposta que xa se estaba facendo todo.

Pasando varios meses e a situación segue igual. Dado que descoñecemos en que punto se encontran as xestións para dispor deste servizono noso Concello e polo que preguntamos:

¿En que punto se encontran, a día de hoxe, as mencionadas xestións coa Empresa que se encarga da recollida de aceites usados e colocacións dos depósitos?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que están mirando porque hai moitas dúbidas e buscamos a situación máis idónea.

2º) No pleno do 1 de Agosto de 2013 o grupo municipal do PP preguntaba ó Alcalde pola fonte pública de pedra da plaza Juan Donapetry, intreresándonos pola falta de auga, así como que levaba moito tempo sin funcionar.

1.-Cal e o motivo polo que non mana auga da fonte?

2.-¿Para cando está prevista a súa reparación e posta en funcionamento?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que se collía a auga dun manantial das Relixiosas Concepcionistas, pero no momento que as monxas tiveron que facer obras, desde ese momento carece de auga a fonte e a única solución sería conectar a auga á traida xeral e non parece unha solución moi axeitada.

5º.- Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D.Cesar Aja Mariño, realízase as seguintes preguntas

:

desde fai unha serie de ano, está en funcionamento a depuradora de augas fecais do Concello situada na zona de Lavandeiras, funcionamento compartido coa Estación de Pretratamento.

Dado que, ó menos que nosoutros seibamos, non se procedeu a aprobar unha ordenanza que permita recadar os gastos ocasionados por este servizo, entendemos que os mesmos repercuten sobre os presupostos xerais ou ben se



seguen sin aboar á empresa Aquagest, o que incrementa o endebedamento municipal a parámetros inabordables.

Por outra banda, se segue mantendo a Estación de Pretratamento debidamente, según se nos dixo, a que as conserveras non poden verter na EDAR e sigo facendo nesta Estación, o que encarece enormemente a depuración e sin que ata o momento se haxa tratado de buscar outra solución alternativa, como a que veñen tendo outras conserveras de Galicia, moitas das cales están en Polígonos Industriais, dando solucións os seus vertidos de forma infinitamente máis económica e sin que teñan a repercusión que neste caso teñen para todos os cidadáns de Viveiro. Según datos que imos recabado de outras conserveiras de tamaño similar o custe anual de mantemento de unha de estas depuradoras ronda os 2000 –2.500 anuais, cantidade moi inferior á que se veñen gastando esta estación.

Ante esta situación formulamos a la Sra. Alcaldesa a seguintes preguntas:

- 1.-¿Qué custe anual ten a EDAR de Viveiro?-
- 2.-¿Estase pagando a Aquagest o funcionamento da EDAR?.
- 3.-Cánto se debe na actualidade a Aquagest en concepto de mantemento da EDAR?.
- 4.-¿Desde a posta en funcionamento da EDAR pagouse algunha cantidade a Aquagest? ¿Con cargo a que partida?.
- 5.- Cál é o custe que representa para o Concelo a Estación de Pretratamento?.
- 6.-¿Valorou o Equipo de Goberno o que supoñería o instalar unha estación depuradora para as dúas conserveiras ó obxecto de avaliar e comparar os custes de esa depuradora coa Estación de Pretratamento?.
- 7.- ¿Qué cantidade recada, aproximadamente, o Concello en concepto de canon de depuración anulamente?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que non se esta pagando porque como ben saben vostedes non se aprobou a Ordenanza do ano 2012, e referente ós estudos que se fixeron e valoramos sobre 40.000 Euros, e referente ao canon, non xiste canon, existe unha tarifa e a última liquidación aprobada é de 56.000 Euros.

6º.-PREGUNTAS QUE FORMULAN DON BERNARDO FRAGA GALDO,EN REPRESENTACION DO BNG

1.- O xerente do coñecido comercio de roupa “Novo” que ata fai pouco máis dun ano existía na Praza de Lugo, e que pechou pola xubilación do mesmo, donou ao Concello de Viveiro un mural de Naira Brochs coa condición de que fora colocado nun lugar público do Concello. ¿Onde se atopa o mural a día de hoxe? ¿Onde e cando está prevista a súa colocación, posto que máis dun ano despois da súa donación, aínda non foi colocado?.

R.-Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que sí, efectivamente donou o propietario unha vidreira, que se está moi agradecidos, e o anterior Alcalde xa buscou unha situación e baraxaron algunhas, e unha era en Calvo Sotelo, que estamos a esperar si ben unha subvención para rematar as obras. Neste intre o mural atópase aislada en bo estado.



2.- Existe un decreto, o 245/2003 (DOG 89, venres 9 de maio 2003), polo que se regulan as normas de seguridade nos parques infantís.

Trátase de normas mínimas de seguridade e prevención de accidentes nos parques infantís e áreas de xogo, e son de aplicación para as instalacións de uso público independentemente da súa titularidade.

¿Está o concello ao tanto da existencia desta normativa? ¿Existe un programa de revisións anuais tal como marca o mesmo?. ¿Ten consciencia o concello de que ningún dos parques infantís do concello cumpre co esta normativa nos seus puntos principais? (Situación, accesibilidade e uso, elementos auxiliares, sinais, seguridade, marcado e mantemento e conservación)

R.- Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que cando se puxeron todos os parques infantís de Viveiro, si que se cumpría a normativa, agora a normativa cambiou e non se adaptan á normativa, por iso, solicitamos unha subvención á Xunta de Galicia, que é a subvención da Escola Taller e temos en proxecto adaptar os parques á normativa.

3.- Existe una instrucción IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear, publicada no BOE do 26 de xaneiro de 2012, relativa aos criterios radiolóxicos para a protección fronte a exposición á radiación natural,

Nesta instrucción indícase que os titulares das actividades laborais deben realizar estudos necesarios a fin de determinar se existe un incremento significativo da exposición dos traballadores ou dos membros do público que non poida ser considerada despreciable dende o punto de vista de protección radiolóxica

No apartado cuarto da devandita instrución especificase que por lugares de traballo con elevada permanencia de membros do público está incluídos os centros de educación infantil, primaria e secundaria.

¿Está o concello ao tanto destas revisións? ¿Existe un programa de revisións que garanta a non exposición dos traballadores do concello e os nenos á radiación natural? ¿Esixese aos centros de educación privados do concello estas medicións?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que non, non existe e vaise facer un estudo e vamos mirar si existe en Viveiro esa radiación natural.

4.- Existe numerosos semáforos nos tres núcleos urbanos, Vopvas, Celeiro e Viveiro que non funcionan ou están rotos, tralo paso do inverno, Ten coñecemento o equipo de goberno desta situación? De ser así, cando pensa reparalos e poñelos novamente en funcionamento.

R.- Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que O temporal destrouzos semáforos e se enviou un listaxe a Subdelegación de Goberno de "Danos polo temporal", onde se incluían os semáforos deteriorados polo paso do temporal e cando se reciban os cartos, temos pensado en breve arranxalos.



5º.-No orzamento municipal do ano 2013, aprobado polos grupos municipais de PSOE e IVI, a partida destinada a entidades deportivas, limitábase ás escolas deportivas de fútbol, deixando de lado os demais deportes e clubs da nosa localidade. ¿Pagáronse as axudas a estas tres entidades?. Abonou o Concello de Viveiro, algunha subvención, a través de convenio ou de pago directo de facturas, a algunha entidade deportiva, que non figurara no orzamento municipal?. De ser así, ¿A cales, e en que cantidades?. ¿Qué previsión de axuda e colaboración cos clubs deportivos ten previsto o goberno municipal par ao ano 2014.

R.- Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que o Concello de Viveiro colabora con todas as asociacións, pódese ver as numerosas actividades que hai e fíxose un convenio cas Escolas Deportivas e xa están abonadas as subvencións e colabora coas asociacións en pagos de transporte, trofeos,colabórase con todos os clubs e canso de faga o presuposto xa se terán en conta tamen.

6.-O Concello de Viveiro, xestiona a recollida do lixo a través de SOGAMA . a Xunta de Galiza, presupostou para o ano 2014 una suba do 34% no canon de SOGAMA, por acordo entre os alcaldes do PP e a Xunta , comezará a cobrarse en xuño de 2014.¿Ten pensado o equipo de goberno trasladar este incremento do canon, ás veciñas e veciños nos seus recibos, ou asumirao nos orzamentos do 2014, se os houbera ¿ Aposta o Equipo de goberno polo sistema de recollida de lixo de SOGAMA, a través da incineración, ou ten previsto estudar novos sistemas de tratamento de residuos?.

Numerosos alcaldes e alcaldesas de distintos grupos políticos agás do pp, anunciaron medidas para non facer fronte a este inxusto incremento de canon ¿Ten pensado a Alcaldesa sumarse a eles?.

R.- Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que o Concello de Viveiro que o canon subeuna a Xunta e o Concello está estudando a posibilidade de que si se asumen hai que deixar servizos.houbo unha reunión e mañá hai outra reunión en Santiago que vamos asistir para unirnos os alcaldes e alcaldesas para adoptar medidas para facer fronte a este inxusto incremento de canon.

ROGOS PLENO DE BNG

1.- A estrada de Naseiro, presenta numerosas fochancas que dificultan a circulación de vehículos, ciclistas e viandantes. Rogamos ao equipo de goberno, a reparación da estrada no menor prazo de tempo posible, agora que ven o bo tempo.

Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que se está a esperar a que si ven o bo tempo proceder aos arranxos, e que ata agora tivemos un tempo pésimo e non foi posible.

2.-No traxecto de beirarrúa entre os núcleos de Viveiro e Celeiro, na marxe esquerda, non existe ningunha papeleira, para uso dos viandantes que por ela circulan.Rogamos ao equipo de goberno que coloque algunha no citado tramo para uso das veciñas e veciños.



Pola Sra. Alcaldesa contéstaselle que se terá en conta para proceder a instalar algunhas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vinteduas horas do día con que se encabeza esta Acta, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, secretaria acctal, dou fe.

Vº Bº

A ALCALDESA

A SECRETARIA